



Jesús Hellín / Europa Press

O CEO de Greenalia, Manuel García Pardo, nun encontro sobre enerxías renovábeis en Madrid, nunha foto de arquivo.

O Consello Xeral do Poder Xudicial impide alterar o reparto dos asuntos que estean xa turnados

Greenalia contradí a norma e pide mudar a sección do TSXG que avalía un eólico

Xacobe Ferreiro | Nós Diario

A empresa enerxética Greenalia vén de presentar un escrito diante da sección terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Galiza (TSXG) no que reclama o traslado á sección segunda do procedemento aberto en relación ao parque eólico de Campelo, proxectado entre Coristanco (Bergantiños) e Santa Comba (Xallas).

Os criterios de reparto fixados polo do TSXG deixaron en mans da sección terceira da Sala do Contencioso-Administrativo a resolución dos procedementos abertos en relación co parque eólico Campelo promovido pola compañía Greenalia. Neste sentido, desde setembro de 2022 é competente para resolver sobre unha demanda presentada polo colectivo ecoloxista Petón do Lobo contra ese proxecto eólico, ditando varios autos en referencia ao mesmo e fixando a súa paralización cautelar. Greenalia reclama agora en vía xudicial que o procedemento asignado á sección terceira

pase á segunda. A compañía enerxética argumenta a súa proposta afirmando que "a presidencia desta Sala e a presidencia desta sección terceira, en procedementos idénticos ao presente relativos á impugnación de autorizacións de construción de parques eólicos onde se ventilan cuestións de natureza ambiental, (...) determinaron que deben ser resoltos pola sección segunda desa ilustrísima Sala". A demanda da compañía eléctrica é rexeitada desde Petón do Lobo.

As normas de reparto

A avogada de Petón do Lobo, Ana Varela, sinala a *Nós Diario* que se trata dun "golpe á democracia desde dentro da propia xustiza" e incide en que "non estamos ante unha simple cuestión de reparto, está en xogo a continuidade xurisdiccional, a *perpetuatio iurisdictionis*, a seguridade xurídica e o principio do xuíz predeterminado". A este respecto, o regulamento do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) determina que "a modificación das normas de reparto non poderá afectar os asuntos que estean xa turnados" e as normas de reparto da Sala do Contencio-

so-Administrativo do TSXG fixan que "nos procesos en tramitación continuará coñecendo e resolverá a sección que resultase competente no momento da interposición do recurso". A sección terceira Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG resolveu en xaneiro de 2025 sobre unha petición análoga á de Greenalia formulada polo Goberno galego, que buscaba atribuír á sección segunda os litixios eólicos. Neste sentido, o auto concluíu que o citado litixio "non versa sobre unha resolución ditada en materia ambiental, senón sobre a autorización da construción dun parque eólico, é dicir, unha instalación industrial, materia que é propia da industria e innovación tecnolóxica, cuxo coñecemento corresponde a esta sección terceira, e non á segunda, de conformidade co disposto no acordo da Sala de Goberno do TSXG". O criterio de reparto de casos aprobado polo TSXG en 2023 asigna á sección segunda da Sala do Contencioso-Administrativo aqueles litixios de carácter ambiental, derivando á sección terceira os procedementos en materia industrial.

Neste sentido, o TSXG atribuíulle a esta sección todas as causas referidas aos proxectos eólicos até abril deste ano, estando actualmente investigando a Fiscalía Xeral do Estado unha resolución da presidenta da Sala do Contencioso-Administrativo, Azucena Recio, que atribuíu á sección segunda un litixio en materia eólica, sen mudar as normas de reparto.

Críticas xudiciais

As organizacións da maxistratura cuestionan a legalidade de asignar os procedementos eólicos á sección segunda. Nesta dirección, o pasado mes de abril a entidade Xuízas e Xuíces para a Democracia manifestou a súa preocupación pola "sorpresiva reinterpretación" das normas de distribución das causas do sector eólico no TSXG, que pasarían "da sección terceira –industria– á sección segunda –medio ambiente–". Neste punto, lembraron que o cambio introduciuse "tras anos de reiteradas presións mediáticas, políticas e empresariais polas suspensións cautelares que adoptou a sección terceira en relación a parques eólicos en territorio galego".